

Heroes e heroínas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A meiga de Reirado

Isto pasou na parroquia de Reirado, concello de Alfoz (Lugo):

»Estaba unha tarde unha rapaciña do Reirado alindando as vacas cando pasou por alí unha muller que tiña fama de meiga. O caso foi que cando ó anoitecer muxiron as vacas, unha delas en lugar de leite, botou un líquido vermello coma a sangue. Este líquido botárono nun cacharro e puxérono ó lume pero en lugar de ferver e botarse por fóra do cacharro, subía e subía como se fose espuma pero non se esparramaba nin gota. O pai da rapaza preguntoulle a ela se pasara algún por cabo dela cando estaba alindando. Ela díxolle que pasara «a meiga». Entón o señor deixou aquel «sangue» cacho ó lume, despois valeirouno nunha pedra-lastra no chan, colleu unha corda e pegoulle con ela uns cantos bos cordelazos. Logo sacou un tizón do lume e tamén o meteu naquelo unhas cantas veces coma se quixera queimalo. Ó fin con todo e non expricou nada. Mais ó día seguinte pola mañá chegou por alí un viciño e o dono da vaca preguntoulle:

«E ¿viche-la meiga por aí hoxe?»

«Ta, ta» contestou o viciño «¿e non sería vostede quen lle deu unha tunda? Porque ver vira toda envolta e encuruxada coma se levara queimaduras pola cara e toda degolada que case non podía andar.

O dono das vacas riuse polo baixo e rosmou:

«¡Poidera ser! ¡Poidera ser!»

[Reproducción do relato recompilado por Dolores Sánchez Orol, publicado «A Pena Abaladoira: un exemplo de litolatría na lucense Serra do Xistral», Estudos Mindonienses, 20, 2004, páx.946-947, nota 29]

BIBLIOGRAFÍA

Xistral», Estudios Mindonienses, 20, 2004, páx. 923-952.